




Federacion Galega de Tiro Olimpico

Regulamento Electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Lugo, 5 de setembro de 2014



de feitura de Galicia



Artigo 1. Obxecto da normativa

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Tiro Olímpico procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: de 09:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 horas de luns a venres, e de 09:00 a 11:00 horas e de 16:30 a 18:30 horas os sábados.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

A Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, delega e autoriza á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa ratificación definitiva.

O Regulamento electoral publicarase na páxina web da Federación e páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade co disposto no artigo 58.6 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Incluiranse os seguintes datos:




de la cual se vale

- a) Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Tiro Olímpico e das Delegacións federativas provinciais, así como na páxina web www.fegato.es.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.
 5. Coa finalidade de facilitar a participación e a integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asemblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asemblea xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.

detalles
de la lista

Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.



2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.


Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Tiro Olímpico.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

5. Funcións da xunta electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.

*decisións
de xunta*



- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1. A circunscrición electoral será única para toda Galicia. Para facilitar a votación constituiranse catro mesas electorais para a elección dos membros da Asemblea Xeral no día fixado.
2. O Horario de apertura das mesas será o seguinte: de 16.00 a 20:00 horas.
3. Ubicaranse nos seguintes lugares:

Mesa Número 1 en A Coruña (Para a provincia de A Coruña).

(Delegación Provincial da Federación en A Coruña) Rúa Ramón María aller número 2 – 1º Drta. Local B – 15010 A Coruña.

Mesa Número 2 en Lugo (Para a provincia de Lugo).

(Sé central da Federación) Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n 27003 Lugo- Casa do Deporte.


Mesa Número 3 en Ourense (Para a provincia de Ourense).

(Delegación Provincial da Federación en Ourense) Rúa dos Chaos, 51 – 32001 Ourense (Polígono de Tiro Eiroás).

Mesa Número 4 en Pontevedra (Para a provincia de Pontevedra).

(Instalacións da Xunta de Galicia en Filgueira – San Andrés de Xeve (Pontevedra), nas instalacións do campo de tiro da modalidade de precisión.

En aplicación do Artigo 3.2.C) da Orde de 8 de setembro de 2010, a mesa para a remisión do voto por correo por parte da Secretaría Xeral para o Deporte será a Mesa Número 2 en Lugo, sé central da Federación e da Xunta Electoral.



As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Asemesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

4. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.


5. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegato.es

6. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

7. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

Establecense as seguintes indemnizacións, ao obxecto de sufragar os gastos que se ocasionen con motivo das actuacións establecidas no presente Regulamento:

| | |
|--|------------|
| Asistencia a reunións con dieta de manutención: | 26,67 €. |
| Asistencia a reunións con media dieta de manutención | 13,34 €. |
| Asistencia a reunións con aloxamento: | 53,34 €. |
| Precio por quilómetro en desprazamentos fora do Termo Municipal de residencia: | 0,19 €/Qm. |



Artigo 7. Convocatoria de eleccións.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico o día 11 de outubro do 2014, conforme a este Regulamento electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións publicárase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.fegato.es. E na da Administración Autonómica. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.



4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría Xeral para o Deporte.


Artigo 8. Electores e elixibles.

1. Poderán ser electores e elixibles:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tida en conta na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións.

*detiacion
del valle*



- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de entidades deportivas: aquelas entidades deportivas, que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, serán:

Os membros que pertencen a dous ou máis estamentos, e non opten por un deles no prazo establecido, figurarán no censo de deportistas da súa modalidade, (prato ou precisión). Se figurase nas dúas modalidades, incluírase no censo da modalidade pola que teña a licenza federativa con máis antigüidade. Aplicarase o mesmo criterio de antigüidade para membros que fiugren en dous ou máis estamentos, e ningún deles sexa o de deportista.

As entidades deportivas que teñan actividade nas dúas modalidades (prato e precisión), obtarán un deles no prazo establecido. De non facelo, figurarán no censo en que teñan maior número de licenzas federativas.

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral.

1. O número de membros da asemblea xeral será de **25**, en aplicación do artigo 10, do presente Regulamento electoral. O citado número deberá modificarse, no caso de que corresponda, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de entidades deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.



4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
5. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa, que conforme aos seus estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
8. A Federación galega de Tiro Olímpico axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral.

1.A porcentaxe de cada estamento é:



- a) Representantes de entidades deportivas: 65%
- b) Representantes de Deportistas: 20%
- c) Representantes de Adestradores: 7,5%
- d) Representantes de Xuíces: 7,5 %

Segundo estas porcentaxes, unha vez aprobados definitivamente os censos electorais de cada un dos estamentos, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento. As porcentaxes decimais se redondearán ata o número enteiro superior sempre que a fracción decimal exceda do 0,50.

2.A representación do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico deberá ser **do 58% do censo definitivo de entidades deportivas**, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 deste regulamento.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral. No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.



Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de clubs.

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte: Aqueles cinco que contan con maior número de licenzas federativas así como outros cinco que contan co maior número de participacións en competicións oficiais. Valorárase tanto o número de competicións na que participase como o número de deportistas participantes.

Para determinar o maior número de actuacións dos clubs, adxudicárase un punto por cada participación en campionatos galegos do ano 2013, mais un punto por cada tirador participante.

Conforme o anterior baremo, son membros natos da asemblea os seguintes clubs:

| Por maior número de licenzas (2013) | Por maior número de actuacións (2013) |
|---|--|
| 1. Real Aeroclub de Lugo 2. S.D. Pena da Revolta 3. Club de Tiro Olímpico El Castro 4. Club de Tiro Olímpico Santiago 5. Club San Juan. | 1. Club de Tiro Cernadiñas Novas. 2. Club de Tiro Olímpico Eiroás. 3. Club de Tiro Olímpico Arteixo. 4. Sociedad Viguesa de Tiro Olímpico. 5. Rio Sar. |

No caso de que unha entidade deportiva teña méritos para obter representación na asemblea por ambas as dúas categorías, a representación resultante será cuberta polos clubs candidatos á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de clubs.



Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral.

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.fegato.es. Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.

3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos. O prazo para resolver as reclamacións será de dous días hábiles.

*de tucis
setualle*



Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 16:00 a 20:00 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.


2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

3. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución polo seguinte membro mais votado da do seu estamento, no caso de non existir quedaría vacante.

4. No caso que o número de baixas supere a cuarta parte dos membros dun estamento ou a terceira parte dos membros totais da asemblea, as vacantes serán cubertas mediante eleccións parciais. A tal efecto, Presidencia convocará ditas eleccións parciais, que deberán axustarse as normas que regulan as eleccións xerais a este organo. Os elixidos para cubrir as vacantes a que se refiren os parágrafos anteriores, obtentarán o seu mandato polo tempo que falte ata as próximas eleccións xerais á asemblea xeral.

En Aplicación do Artigo 10.7 da Orde de 8 de setembro de 2010, referido ás eleccións parciais, de xeito que so se procederá á convocatoria de eleccións parciais, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes. Neste caso, unha vez rematado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria afecte aos xa elixidos.

*betuic
betuic*



Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegato.es.



4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Mesa Electoral número _____
Estamento de _____
Modalidade de _____



detricia
de galicia

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urgente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición das mesas electorais o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de 3 días hábiles, dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física, sen que teña que ser membro da asemblea xeral, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.

En aplicación ao establecido no Artigo 58.3) da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, a persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o dito club.

A Condición política de galego ven establecida no artigo 3.1, da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se di expresamente: A efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.



Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, nos horarios sinalados, mediante escrito dirixido á xunta electoral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.fegato.es. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de 1 día hábil.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos a presidencia.



Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. Os candidatos poderán expor os seus programas nun tempo máximo de dez minutos, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.

6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.


a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo de 30 minutos, resultando elixido o que obteña maioría de votos.

7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.

8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate, e tras un receso de 15 minutos, procederase a repetir a votación. De persistir o empate entre os dous candidatos, procederase mediante sorteo á elección de presidente.



9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.

12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.

13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada serán 8 mais o presidente como membro nato desta, en representación dos estamentos seguintes:


(3 Clubs – 3 Deportistas – 1 Xuíz-árbitro – 1 Adestrador)

- 1 membro en representación dos clubs de Prato.
- 2 membros en representación dos clubs de Precisión.
- 1 membro en representación dos tiradores de Prato.
- 2 membro en representación dos tiradores de Precisión.
- 1 Xuíz-árbitro de prato.
- 1 adestrador de precisión.

O procedemento para a súa elección será o seguinte:

Os candidatos deberán psetnar a súa candidatura dentro do prazo sinalado no Calendario Electoral, mediante escrito á Xunta Electoral Central dirixido ao domicilio social da Fegato.

A Mesa electoral constituirase na propia asamblea con urnas distintas para cada estamento, sendo presidida polo membro de maior idade dos presentes e actuando de secretario o menor idade, levantándose acta dos resultados das votacións por estamento. As competencias e funcionamento da mesa electoral serán a referidas para a elección de membros da asemblea xeral.



de fecho de votación

As entidades deportivas elixirán, por e entre elas aos seus representantes mediante sufradio libre, directo, igual e secreto.

Os deportistas elixirán, por e entre elas aos seus representantes mediante sufradio libre, directo, igual e secreto.

Os Xuices-árbitros elixirán, por e entre elas aos seus representantes mediante sufradio libre, directo, igual e secreto.

Os Técnicos elixirán, por e entre elas aos seus representantes mediante sufradio libre, directo, igual e secreto.

Non se admitirá o voto por correo.

En caso de empate a votos, resolverase como segue:

a) No caso de entidades deportivas, a mais antiga.

b) No caso de deportistas, o de mais idade.

c) No caso de xuices-árbitros e dos técnicos, o de mais antigüidade.

As vacantes que se produzan na Comisión Delegada antes das seguintes eleccións ás mesmas, poderán substituírse anualmente. A tal efecto, a presidencia convocará ditas eleccións parciais, que deberán axustarse as normas que regulan as eleccións xerais a este órgano. Os elixidos para cubrir as vacantes, obtentarán o seu mandato polo tempo que falte ata as próximas eleccións á Comisión Delegada.



Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, persoalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax ou telegrama), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

deputada
Beltrán



Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a Xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución. Os prazos para a interposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, será de tres días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fora o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presetnada.

2. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.

b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

c) Lexitimación para interpoñer o recurso.

d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.


e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.

f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.

g) Lugar, data e sinatura.

A Modificación dos Estatutos da Federación Galega de Tiro Olímpico, para adaptalos ao disposto na Disposición adicional segunda da Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, foro aprobados en asemblea extraordinaria, celebrada o día 2 de outubro de 2010.

Este Regulamento foi aprobado pola Asemblea xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión extraordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2014.




Anexo I. Calendario electoral


CALENDARIO ELECTORAL A MEMBROS DA AXEMBLEA XERAL, COMISION DELEGADA E PRESIDENTE, DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO.

ANO 2014

| CONCEPTOS | |
|-----------|---|
| Datas | |
| 05-09-14 | Reunión Xunta Directiva. |
| 06-09-14 | Reunión Comisión Delegada. |
| 20-09-14 | Reunión da Asemblea da Federación en sesión extraordinaria. Aprobación do Regulamento e Calendario Electoral. Nomeamento da Xunta Electoral. |
| 22-09-14 | Presentación Regulamento electoral perante a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia (Prazo de revisión 10 días). |
| 03-10-14 | Data tope aprobación Regulamento Electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte. |
| 06-10-14 | Comunicación da Convocatoria a Entidades Deportivas e Secretaría Xeral para o Deporte. (5 días hábiles de antelación á convocatoria). |
| 11-10-14 | Convocatoria de eleccións. Publicación nos taboleiros de anuncios da Federación e delegacións provinciais e páxina Web da Federación (www.fegato.es), do Regulamento electoral, Calendario electoral e Censos Provisionais. Disolución da xunta directiva, e constitución en comisión xestora. Constitución da Xunta Electoral. Inicio do prazo de reclamacións ao censo provisional. Inicio do prazo para optar por un so estamento. Inicio do prazo para a petición do exercicio do voto por correo. |
| 23-10-14 | Fin do prazo de reclamación ao censo provisional. (20:00 horas) Fin do prazo para optar por un so estamento. (20:00 horas) |
| 29-10-14 | Resolución das reclamacións aos censos provisionais. Publicación dos censos definitivos. Inicio do prazo para presentar candidaturas a asemblea xeral. Elección das mesas electorais. |
| 31-10-14 | Fin do prazo para solicitar o exercicio do voto por correo. |
| 03-11-14 | Fin do prazo para presentación de candidatos á Asemblea.(20:00 horas) Proclamación provisional de candidatos á asemblea. |
| 04-11-14 | Inicio do prazo de reclamación aos candidatos a Asemblea. |
| 05-11-14 | Fin do prazo de reclamacións aos candidatos á asemblea. |
| 07-11-14 | Fin do prazo de resolución das reclamacións e proclamación definitiva de candidatos á asemblea. |
| 10-11-14 | Fin do prazo para a remisión das papeletas para o voto por correo. Comunicación á Secretaría Xeral para o Deporte da listaxe de persoas autorizadas para votar por correo. |
| 15-11-14 | Fin do prazo para presentar o voto nas oficinas de correos. |
| 22-11-14 | Constitución das mesas electorias e votación a membros da asemblea. Escrutinio. Proclamación provisional de resultados. |
| 24-11-14 | Inicio do prazo para presentar reclamacións contra os resultados provisionais. |
| 25-11-14 | Fin do prazo para presentar reclamacións contra os resultados provisionais (20:00 horas). |
| 27-11-14 | Fin do prazo de resolución das reclamacións e proclamación dos resultados definitivos de membros da asemblea . |



*detalles
seguille*



| | |
|----------|--|
| 28-11-14 | Inicio do prazo para presentación de candidaturas á Presidencia e a Comisión Delegada. |
| 01-12-14 | Fin do prazo de presentación de candidaturas á Presidencia e a Comisión delegada. (20:00 horas) Proclamación provisional de candidaturas á Presidencia e a Comisión Delegada. |
| 02-12-14 | Inicio do prazo para presentar reclamacións contra as candidaturas a presidencia e a Comisión delegada. |
| 03-12-14 | Fin prazo para presentar reclamacións contra as candidaturas á Presidencia e a Comisión Delegada. (20:00 horas) |
| 04-12-14 | Fin do prazo de resolución das reclamacións contra as candidaturas á Presidencia e a Comisión Delegada. |
| 05-12-14 | Proclamación definitiva de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada. |
| 13-12-14 | Constitución da nova Asemblea Xeral para a elección do Presidente e Comisión Delegada. Escrutinio e proclamación provisional de resultados. |
| 15-12-14 | Inicio do prazo de reclamacións contra a proclamación provisional de Presidente e Comisión Delegada. |
| 16-12-14 | Fin do prazo de reclamacións contra a proclamación provisional de Presidente e Comisión Delegada. |
| 18-12-14 | Fin do prazo de resolución das reclamacións contra a proclamación provisional de Presidente e Comisión delegada. Proclamación definitiva de Presidente e Comisión Delegada da Federación. Inicio do prazo de dez días para comunicar os resultados á Secretaría Xeral para o Deporte. Disolución da Xunta electoral e fin do proceso electoral. |

Este Calendario foi aprobado pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión extraordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2014.

A Secretaria;


de Leticia del Valle

Asdo.: Leticia del Valle Álvarez.



Vº. e Prace,
O Presidente,

Angel Blas Paz Diaz
Asdo.: Angel Blas Paz Diaz.



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas



**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“DEPORTISTAS DA MODALIDADE DE PRATO”

**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“DEPORTISTAS DA MODALIDADE DE PRECISION”

*delegación
de la UTE*





**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“XUICES-ARBITROS DA MODALIDADE DE PRATO”

**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“XUICES-ARBITROS DA MODALIDADE DE PRECISION”

*deixicia
estvante*





**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“ADESTRADORES DA MODALIDADE DE PRATO”

**VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, POLO ESTAMENTO
DE:**

“ADESTRADORES DA MODALIDADE DE PRECISIÓN”

*de
servicio*



MODELOS DE SOBRES PARA O VOTO POR CORREO

SOBRE “A” (Maior que o sobre “B”)

Secretaría Xeral para o Deporte.
Estadio Multiusos de San Lázaro – porta 4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

(no reverso debe figurar o Nome e apelidos do remitente, Estamento, Modalidade e circunscrición electoral).

Neste sobre deberase introducir a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Inclúirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral en que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do D.N.I..

SOBRE “B”

Menor que o sobre “A”


VOTO PARA OS CANDIDATOS Á
ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO
OLÍMPICO POLO ESTAMENTO DE:

(por o nome do estamento polo que se vota.)

Mesa Electoral Número: _____


(A Coruña(mesa 1)/ Lugo(mesa 2)/Ourense(mesa 3) /
Pontevedra (mesa 4).

Neste sobre débese introducir a papeleta do voto



*de Bécis
de Valle*

Nota: Só se confeccionaran os sobres para os estamentos en que se realicen votacións.



PAPELETA DA VOTACIÓN

**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE CLUBES:
MODALIDADE DE PRECISION.**

(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de clubs de precisión: 10). A ELIXIR: 1 (Un), EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|------------------|
| | A..... A....., A |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |



**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE CLUBS:
MODALIDADE DE PRATO.**

(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de Clubs de prato: 6). A ELIXIR; 5 (Cinco) EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|------------------|
| | A..... A....., A |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

*de precisión
de la papeleta*



**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:
MODALIDADE DE PRECISION.**

(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de deportistas de precisión: 4. EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:


| | |
|--|------------------|
| | A..... A....., A |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:
MODALIDADE DE PRATO.**


(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de deportistas de prato: 1. EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|------------------|
| | A..... A....., A |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |



*detrás
gettable*



**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE ADESTRADORES:
MODALIDADE DE PRATO.**

(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de adestradores de prato: 1 (Un) EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|-------------------|
| | A..... A....., A. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:
MODALIDADE DE PRECISION.**


(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de adestradores de precisión: 1 (Un) EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|-------------------|
| | A..... A....., A. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |



detián setvante



CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE XUICES-ARBITROS DA MODALIDADE DE PRECISION.

(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de Xuíces-Árbitros da modalidade de prato: 1 (Un) EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|-------------------|
| | A..... A....., A. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE XUICES-ARBITROS DA MODALIDADE DE PRECISION.


(Número de membros na Asemblea Xeral da Federación, polo estamento de Xuíces-Árbitros da modalidade de precisión: 1 (Un) EN FUNCION DOS CENSOS DEFINITIVOS.

CANDIDATURAS PRESENTADAS:

| | |
|--|------------------|
| | A..... A....., A |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |



Revisión definitiva



Anexo III. Censos

Confeccionaranse por provincias, e pólos seguintes estamentos.

Clubs de Prato.

Clubs de Precisión.

Deportistas de Prato.

Deportistas de Precisión.

Adestradores de Prato.

Adestradores de Precisión.

Xuíces-árbitros de Prato.

Xuíces-árbitros de Precisión.



*de traxic
del valle*

